

**ANEXO I
PROPOSTA DE PROXECTOS DE INVESTIGACIÓN STEMbach**

Coordinación STEMbach na Facultade/Escola UVigo:	
Nome: Silvia Sierra Martínez	
Enderezo electrónico: sierra@uvigo.es	Teléfono: 988 387 101
Dirección do proxecto Uvigo:	
Nome: Silvia Sierra Martínez	
Enderezo electrónico: sierra@uvigo.es	Teléfono: 988 387 101
Co-dirección do proxecto UVigo:	
Nome: Mª Esther Martínez-Figueira	
Enderezo electrónico: esthermf@uvigo.es	Teléfono: 986 801 773
Bienio	2022-2024
Número de participantes (máx. 4)	4

NOTA: Os custos derivados da execución deste proxecto de investigación tales como os desprazamentos do profesorado da UVigo ao centro educativo ou doutras actividades establecidas no plan de traballo, correrán a cargo do centro educativo ao que se asigne este proxecto.

Título

Investigando sobre Sociedade e Inclusión en...

Resumo

A sociedade avanzou nestes últimos anos a maior velocidade que en décadas atrás. As razóns débense aos cambios que se veñen producindo no eido social, económico, laboral, educativo... Precisamente sobre este último escenario, o sistema educativo ten o deber e a obriga de propiciar centros seguros nos que non haxa discriminación por razón ningunha e onde todos e todas teñamos cabida independentemente das nosas condicións persoais, ideas políticas, cuestións de xénero... Neste sentido, cabe facer explícito que a non abordaxe de formación de cidadáns tolerantes e respectuosos dificultará que falemos de sociedades inclusivas necesarias, pois na diversidade está a riqueza persoal e social. Así, neste proxecto queremos pór en relevo esta cuestión: a diversidade como riqueza. Polo tanto, buscamos que o estudantado se anime a abordar a temática proposta concretándoa á súa vez en situacións nas que se identifique ou desexe afondar (a elixir no IES algunha das subtemáticas que se indican): (1) LGTBIQ+: que necesitan e como se identifican; (2) o odio ou o rechazo ao diferente (homofobia, por exemplo); (3) ideoloxías políticas que inflúen na opinión cara á diversidade social; (4) ser inmigrante: que necesitan e como se identifican; (5) outra subtemática que no centro educativo se propoña.

O proxecto de investigación *Investigando sobre Sociedade e Inclusión en...* (subtemática a concretar) pretende ofrecer un espazo para a reflexión e o pensamento crítico sobre o concepto de diversidade como sinónimo de riqueza. Co estudo derivado deste proxecto preténdese pór de manifesto a necesidade urxente de construír sociedades inclusivas que valoran a diversidade e considerar as diferenzas entre as persoas un impulso para o benestar colectivo.

Obxectivo

- Coñecer as características do colectivo que se vai estudar na sociedade actual.
- Coñecer o discurso que os/as adolescentes fan ante o concepto de diversidade como riqueza individual e colectiva.
- Analizar o pensamento crítico dos e das adolescentes sobre o respecto á diversidade como mellora na convivencia e fomento de oportunidades equitativas e reais, rompendo prexuizos.

Plan de traballo

O plan de traballo que se prevé é:

1. Toma de acordos cos e coas investigadoras en formación: concretar a subtemática de investigación e seleccionar unha metodoloxía e técnica participativa de recollida de información (por exemplo, fotovoz ou mapas mentais).
2. Formación teórico-práctico sobre investigación cualitativa e sobre a técnica de recollida da información seleccionada.
3. Formación sobre a busca de información científica en bases de datos.
4. Deseño do plan de investigación a desenvolver cos/as investigadores/as en formación (cronograma, selección de posibles informantes...).
5. Recollida de información mediante a técnica seleccionada.
6. Análise colaborativa da información recollida.
7. Elaboración do informe e preparación da defensa pública.